



CONCELLO DE  
OLEIROS

>ECONOMÍA E FACENDA

## RESOLUCIÓN

**Nº Expediente: 2025/RECADAC/000038**

A tenor do disposto no artigo 37.3 da Ordenanza Fiscal Xeral deste Concello e do artigo 24 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, en virtude das facultades contempladas no artigo 21 da Lei 7/85 de 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e no Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e a min atribuídas en virtude de acordo de Delegación por Decreto da Alcaldía nº.: 2023003281, de 21 de xuño, RESOLVO:

1º.- Aprobar o seguinte Calendario Fiscal para o ano 2025:

<b>(GRUPO 1)</b>	<b>Do 1 de marzo ao 30 de abril de 2025</b>
Imposto sobre vehículos de tracción mecánica. (IVTM)	
Taxa por entrada de vehículos a través das beirarrúas e reserva de espazo. (VAOS).	
Taxa cemiterios municipais. (NICHOS)	
Taxa aproveitamento dominio público con caixeiros de Entidades Financeiras e máquinas expendedoras instalados nas fachadas e manipulables dende a vía pública. (CAIXEIROS)	
<b>(GRUPO 2)</b>	<b>Do 15 de setembro ao 28 de novembro de 2025</b>
Imposto sobre bens inmoables de natureza urbana e rústica. (IBIU e IBIR)	
Imposto sobre actividades económicas (IAE)	
Taxa ocupación terreos uso público con mesas e cadeiras e finalidade lucrativa. (TERRAZAS)	

2º.- Aprobar como datas de cargo en conta dos recibos domiciliados, para os incluídos no **Grupo 1**: O día 1 de abril de 2025 e para o **Grupo 2**: O día 3 de novembro de 2025, en base ao disposto no artigo 39.6 da Ordenanza Fiscal Xeral.

3º.- EXPOSICIÓN PÚBLICA DOS PADRÓNS:

Aos efectos de alegacións sobre a inclusión nos padróns fiscais, e de conformidade co disposto no artigo 66 da Ordenanza Fiscal Xeral deste Concello, abrirase un prazo de información/exposición dos citados padróns fiscais, e que comezará quince días antes de iniciarse o respectivo período de cobro (expresado no calendario fiscal).



CONCELLO DE  
OLEIROS

## >ECONOMÍA E FACENDA

Durante o prazo de información/exposición pública, os padróns estarán a disposición dos interesados no Departamento de Xestión Tributaria, Edificio Facenda Municipal en Avda. Francisca Herrera, 3 – OLEIROS, en horario de atención ao público.

4º.- Ordenar a publicación dun anuncio do calendario fiscal, en base ao artigo 66.2 da Ordenanza Fiscal Xeral, no BOP da provincia da Coruña e nun diario de tirada importante dentro da localidade.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola Primeira Tenente de Alcalde M<sup>a</sup>. José Varela Neira, Delegada de Economía e Facenda, e o Secretario/a accidental, que da fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).